

## **Espiga, espigón**

En *Palimpsesto: secadra, un manifesto*, Eva habita coa súa voz as palabras que previamente escribe sobre a superficie dunha das catro paredes que acotan o seu espazo de traballo no máster. Unha parede pensada para delimitar a súa práctica respecto das outras que se desenvolven no mesmo edificio da facultade —mesmo edificio pero distintas paredes e, por suposto, voces distintas. Pouco despois, por mor do confinamiento, a parede de Eva queda en suspensión, conservando o vestixio da acción e o rastro das palabras borradas. Durante ese lapso temporal, a parede permanece inalterada ata que Eva a repinta de branco para cederlle o lugar ao seguinte. Quizais sexa por isto que a pieza leve tamén por nome *Rexistro dun inicio truncado*. Pois da inicio a un proceso de investigación que continúa ata hoxe e que non conclúe; fica en continua construción e derruba.

Outras obras toman como base a cimentación, os planos e as representacións gráficas das estruturas que sustentan a vida humana: a arquitectura e a linguaxe. Normas e códigos que rexen a forma na que habitualmente organizamos o espazo e a nosa relación con él. Elementos como divisións, puntos, espaciados, aperturas, vigas, comas, ventás, paréntesis, teitos... preséntansenos como pezas dun complexo xogo de analoxías.

Os diversos materiais utilizados van dende o formigón ata o papel, como é o caso de *7 cuartos para un non-poema*. Nesta obra algunhas destas convencións son alteradas a partires dunha punzante necesidade de diseccionar e cuestionar o sentido e as correspondencias entre estes códigos. Eva escribe que todo este proceso xorde da interrelación entre os binomios fogar/voz, como conceptos efémeros e intanxibles, e casa/escritura, como nocións consideradas mais tanxibles e perdurables no tempo. Deseguido envíame un audio e cóntame isto mesmo, que a idea principal é a de explorar os posibles paralelismos entre o falar e o habitar, entre unha casa e un texto, e entre unha palabra e un fogar, cuestións todas elas cruciais no seu traballo.

As dúas compartimos a mesma lingua e entre nós falámola aínda que con trazos dialectais diferenciados. Con todo, a 600 km eu agora escoito maioritariamente outras dúas, faladas por voces que soben mais que baixan, e que marcan forte as erres todas e entoan as palabras finais das frases como espigadas cara arriba. Como novidade Eva cóntame que estrea taller despois de varios anos sen un espazo de traballo en condicións, e neste espazo que comparte con outros artistas teñen para todos unha longa parede branca.